



ANiAS

FORMACIÓN E
XESTIÓN SOCIOCULTURAL

Protocolo de medidas organizativas e hixiénico - sanitarias para a adecuación das actividades no centro Anias ao contexto de prevención fronte á COVID-19

Curso 2020-21



INDICE

1. Introducción	3
2. Selección e formación do persoal docente	3
3. Requisitos para a participación nas actividades extraescolares	4
4. Planificación do uso de instalacións	5
5. Medidas organizativas e hixiénico-sanitarias nas actividades extraescolares	5
6. Equipamento de elementos básicos de protección seguridade e hixiene	6
7. Actuación ante a aparición de síntomas compatibles co covid-19 durante o desenvolvemento das actividades extraescolares	6

1. INTRODUCCIÓN

Dada a situación xerada polo coronavirus SARS- CoV-2 e a necesidade de adaptar este tipo de actividades á realidade que estamos a vivir, dende a empresa Anias, tomando sempre como base as medidas que marca o Ministerio de Sanidade e o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 establecido pola Xunta de Galicia, planeamos unha serie de medidas hixiénico-sanitarias que teñen como obxectivo garantir a seguridade, protexer a saúde e minimizar o risco de contaxios entre o alumnado asistente ás actividades, buscando crear un entorno seguro, sen perder a esencia para a aprendizaxe e goce dos menores.

Estas adaptacións inclúen medidas preventivas, proactivas, de reacción e actuación afectando a todo o proceso e axentes implicados na planificación e desenvolvemento das actividades: persoal que imparte, participantes, uso de instalacións, medidas organizativas durante as actividades, equipamento de elementos básicos de protección e pautas de actuación ante posibles contaxios.

2. SELECCIÓN E FORMACIÓN DO PERSOAL

O noso persoal cumpre con todos os requisitos necesarios para o desenvolvemento das actividades, ademais, antes do comezo do servizo, garantíranse os seguintes aspectos:

- Non ter síntomas compatibles coa Covid-19 nos 14 días previos ao comezo do servizo.
- Firmar unha declaración responsable sobre o seu estado de saúde.
- Adquirir un compromiso de notificación diaria do seu estado de saúde ao seu responsable directo.
- Rexistro de temperatura, antes do inicio da actividade.
- Aceptar o documento de medidas de hixiene e prevención obrigatorias.
- Aceptar as condicións de traballo extraordinarias

O noso persoal recibiu a formación específica cos seguintes bloques temáticos:

- Información e prevención en riscos laborais.
- Medidas de seguridade e hixiene específicas da actividade.
- Medidas preventivas, proactivas e de actuación ante o SARS- CoV-2.

3. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES

A actual situación esixe establecer unha serie de requisitos de participación que garantan a seguridade individual e do grupo. Aqueles menores que non cumpran estes requisitos ou deixen de cumprilos, non poderán participar nas actividades.

Así, **poderán participar nas actividades, sempre baixo a súa responsabilidade, aqueles nenos e nenas cuxas familias e/ou responsables:**

- Emitan unha declaración responsable sobre o estado de saúde dos/as menores ao seu cargo.
- Adquiran un compromiso de notificación do seu estado de saúde.
- Acepten o documento de medidas de hixiene e prevención obrigatorias.
- Acepten as condicións extraordinarias de participación

Non poderán participar nas actividades:

- Quen presente sintomatoloxía compatible co coronavirus: temperatura superior a 37,5 ° C, tose, dificultade respiratoria, expectoración, diarrea, dolor de cabeza, vómitos, erupción cutánea de orixe descoñecida, perda de olfacto ou gusto e malestar xeral (letarxia, confusión...).
- Quen estivese en contacto directo con persoas con sintomatoloxía compatible co coronavirus, mesmo naqueles casos nos que non se presentaron síntomas. Nestes casos, deberase manter unha corentena de, polo menos, 10 días.

As familias son responsables de dotar aos menores ao seu cargo das máscaras, dispoñendo a empresa de máscaras suficientes para substituír as traídas de casa que se romperon ou estragaron durante a actividade.

4. PLANIFICACIÓN DO USO DE INSTALACIÓNS

Antes do inicio das actividades Anias levou a cabo as adaptacións necesarias para cumprir cos requisitos de seguridade e hixiene fronte a COVID-19 en cada unha das actividades que se desenvolvan no centro. Dita planificación incluirá:

- Medidas para o uso dos espazos tendo en conta os seguintes aspectos:

- **Ventilación:** antes de comezar coa actividade farase a ventilación do espazo onde se desenvolva a actividade.
- **Distribución de mesas e cadeiras na aula:** tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe o/a neno/a e gardarase, 1 metro de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.
- **Uso de aseo:** estará supervisado polo monitor/a, limitando o aforo a un só neno/a por vez, e estará provisto de xabón, papel hixiénico, papel de mans e papeleira de pedal.

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS E HIXIÉNICO-SANITARIAS NAS ACTIVIDADES

- A ratio dos grupos adaptarase ás condicións marcadas polos organismos oficiais para a prevención da COVID-19 en cada momento. En todo caso deberanse garantir as medidas de distancia segura.
- O uso de máscara durante o tempo de permanencia na actividade será obrigatorio para o monitor/a, e para todos/as participantes.
- O monitor/a controlará a entrada e saída de cada participante proporcionándolle xel hidroalcohólico para a desinfección das mans.
- Cada participante deixará as prenda de abrigo e mochila na cadeira onde se sente para evitar o intercambio de prendas.
- Antes do inicio da actividade e ao finalizar, ventilarase o espazo e realizarase a desinfección do mobiliario e os materiais de uso na actividade con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- En cada actividade os/as participantes ocuparan sempre o mesmo espazo dentro da aula.
- Utilización de material individual. No caso de que fose necesario utilízalo puntualmente, desinfectaranse antes e despois do seu uso.
- Evitaranse os saúdos con contacto físico e manterase a distancia interpersoal .
- Lavaranse as mans con auga e xabón ou cunha solución hidroalcohólica sempre que utilicen o baño, tusan ou soen os mocos.
- Lembrarase aos/as participantes que deben evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca e recordaráselles a importancia de comunicar calquera síntoma ou malestar que puidesen sentir.

6. EQUIPAMENTO DE ELEMENTOS BÁSICOS DE PROTECCIÓN, SEGURIDADE E HIXIENE

A empresa dotará para as actividades o seguinte material, do que se asegurará que exista sempre stock suficiente:

- Máscaras para os monitores/ras e tamén para substituír as máscaras dos participantes que rompan ou estraguen durante as actividades.
- Xabón e xel hidroalcohólico.
- Panos de papel para mans e papel secante para a limpeza de superficies, material e mobiliario.
- Produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade

7. ACTUACIÓN ANTE A APARICIÓN DE SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID-19 DURANTE O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

No caso de que algún dos usuarios/as presente durante a actividade síntomas de malestar compatibles coa COVID 19, interromperase a actividade inmediatamente separando ao/á menor do resto do grupo, informando de inmediato á familia, para activar as medidas do Plan de adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.

No caso dun contaxio suspenderase a actividade, gardando a corentena indicada polas autoridades sanitarias. Neste suposto todas as familias serán informadas, a maior brevidade posible, da suspensión da mesma e para que se poñan en contacto co seu centro sanitario de referencia.